Número 21 Novembro 2008

Verbo Xido

Asociación Ecoloxista e Cultural da Terra de Montes
CAMIÑO DO POUSO, 2 * 36.560 SOUTELO DE MONTES
BOLETÍN INFORMATIVO DE ECOLOXÍA E CULTURA DA TERRA DE MONTES
e-mail : verboxido@yahoo.es / Web : www.cetmo.info

Desfeita no Roteiro Sarmiento

Dende a ponte de Santo Antonio, a nivel da capela de Santo Antonio, gallaba un camiño enlousado, CAMIÑOS DE CARRO, camiños principais: un ascendía, á dereita, cara a aldea de Lourido; outro, á esquerda, atravesaba a aldea da Revolta. Tras a Revolta, á altura das Lameiras, ao pé do carballo centenario, este camiño deixaba de estar enlousado, de aí o topónimo Lameiras. Tras as Lameiras, o camiño gallaba. Ambos os dous gallos volvían estar enlousados. Un daba servizo aos veciños do alto do lugar de Cavenca. O outro entraba na aldea de Cavenca á altura do pazo, e enlousado baixaba até o río do Seixo (Portamuíños). Este camiño era o empregado polos veciños cando precisaban achegarse a Cerdedo facendo uso do carro, atravesando a aldea da Revolta e o río do Castro pola ponte de Santo Antonio.

O concello defende que A Torrente sexa unha calzada romana e nega que unha das súas pólas, hoxe baixo o asfalto da estrada de Limeres, sexa medieval. Todo un contrasentido... Fermín Bouza Brey documentou a existencia dunha ara ROMANA en Cavenca, dedicada ao culto dos Lares Viales, divindades dos camiños, reutilizada na reconstrución da capela de Cavenca. O camiño xa non sería medieval, senón romano. Se quixesen promocionar os valores culturais da parroquia así o defenderían dende o Concello. Outros defenden, con máis éxito, o monstro do Lago Ness. Pero eles prefiren botar lixo por riba de Cerdedo antes de darlle a razón a Verbo Xido. O camiño do que fala o Sr. Balseiros era un CAMIÑO DE PÉS, un atallo, que comunicaba a ponte de Santo Antonio coa aldea de Cavenca, sen pasar pola Revolta, que desapareceu, ou foi solapado, co parcelamento.

O trazado da rota que o Concello chama "Frei Martín Sarmiento Revolta-Cavenca" (PGR-69), véxase internet, coincide co treito homologado polo Concello e logo asoballado por eles mesmos, coa axuda de Medio Rural. Para iso pintaron as marcas brancas e amarelas nas pedras dos valos e por iso colocaron os sinaladores de rota (de madeira). O da "rota alternativa" por se se asolaga a rota "auténtica", segundo vergoñentas declaracións do Alcalde Balseiros, non é máis que unha vulgar ocorrencia que retrata os responsables de ¿Cultura? do Concello: Non saben, non queren saber e non queren que os demais saiban. Antes esbardallar, que darlle a razón a quen unha tras outra os deixa en evidencia.

Balseiros di que o camiño de pés pola beira do río foi o camiño que seguiu Sarmiento. Convidámolo a que o demostre, a que achegue documentación que o probe. Aínda que o camiño Revolta-Cavenca non fose a rota seguida polo frade no seu paseo dende Limeres até Cavenca en 1710, estremo que non dubidamos por ser este o camiño principal, o camiño vello (é dicir, existente no século XVIII), a alternativa de Verbo Xido (e a do Concello, xa que a sinalou como tal) é a máis lóxica e recomendable, pois, sen abandonar a verea medieval, amosa ao camiñante os valores arquitectónicos da aldea da Revolta e a fermosísima, até hai uns días, paraxe das Lameiras. Cando Balseiros di que o noso camiño non é o camiño, en que se basea? Sabe que o noso roteiro, por eles apropiado, está baseado nos relatos das viaxes? Leu algunha vez a Sarmiento?.

As obras executadas por Medio Rural e o Concello anchearon groseiramente un antigo vieiro enlousado, caracterizado pola presenza de antigos valos de pedra, contornado por carballos centenarios e acevos, consolidado por Verbo Xido, pai da criatura, como a única oferta turística atractiva e de calidade da zona, xunto co roteiro da Montaña Máxica, ignorado polo Concello, e a irresponsablemente abandonada rota das "Pontes do Lérez". A pedra dos valos foi absurdamente soterrada nas leiras próximas, sen que os técnicos de Medio Rural se asesorasen e actuasen cun mínimo de rigor en materia de patrimonio. Segundo parece, nisto chove sobre mollado e algúns responsables políticos non teñen tan sequera a honradez e a valentía de recoñecer os seus erros e procurar algunha medida correctora.

Porque hai xeitos mellores de acondicionar un recanto singular sen recorrer sempre ao chapapote e ao formigón (véxase a aldea de Pedre), por moito que contente a uns poucos veciños de acomplexado sentir urbanita e isto garanta uns míseros votos. Actuando deste xeito, se nun futuro derrubar a Ponte Santo Antonio para levar a cabo a tan traída e levada autovía supón carrexar votos, o Grupo de Goberno do PP de Cerdedo de seguro non dubidará en botala abaixo.

Asociación Ecoloxista e Cultural "Verbo Xido"

VI Edición de Terra de Tod@s

En dúas plantas dunha casa humilde do Camiño do Pouso, na Aldea da Cima, primitivo núcleo de Soutelo de Montes, exhíbense, con rigor e sensibilidade, obxectos relacionados coa cultura material e inmaterial propia dos xeitos de vida preindustriais da comarca. Estamos a falar do CETMo, o Centro Etnográfico da Terra de Montes, que botou a andar grazas á porfía dunha asociación daquela bisbarra con nome que saúda en latín dos canteiros: Verbo Xido. Quen non coñeza este centro pode descubrir en persoa como, quen coidan deste interesante patrimonio de noso, souberon crear unha atmosfera especial que recende e sabe a cousa auténtica.

Neste marco desenvolvéronse as VI Xornadas Terra de Tod@s, da man desta Asociación Ecoloxista e Cultural. Este ano, como os anteriores, co mesmo rigor e a mesma sensibilidade que se respira no museo.

As máis de trinta persoas que ocupamos o local esquecemos ao dereito o frío que nos envolveu aquela mañá do 13 de setembro, sen dúbida polo interese do que alí se dixo, mais tamén amparados pola calor que desprendían as vellas ferramentas do agro que nos rodeaban, quentes pola suor humana de pasados traballos que coñeceron arados, carro, sementadeiras, gadañas, mallos...: todo un mundo variado de aparellos que se exhibían na sala.

O presidente de Verbo Xido, Fernando Salgado, introduciu as xornadas e a lección maxistral do profesor Marcial Gondar Portasany, quen deixou claro que el non é antropólogo dos que se amparan nunha inexistente ciencia aséptica, e incidiu na necesidade de que, por parte do tecido humano que sustenta as asociacións culturais de base, se utilice con intelixencia o poder da suxestión, a gramática da sedución para se achegar ás persoas receptoras das súas propostas. Soubo o antropólogo facer da súa lección maxistral unha amena charla, ilustrada cun variado de contos e anécdotas que asolagaron de cheo os asistentes nas súas interesantes palabras.

Xabier Camba, da Fervenza de Ouzande, contounos como, na súa parroquia suburbana do Concello da Estrada, levan anos turrando polo noso patrimonio material e inmaterial con interesantes iniciativas, como a recuperación do ciclo festivo popular anual, a organización de festivais, con publicacións... Non aforrou críticas aos políticos municipais, que semellan interferir máis que apoiar ao movemento asociativo de base.

Foi breve Xulio Carballo, responsable provincial da Dirección Xeral de Patrimonio; admitiu as críticas do representante da Fervenza á Administración, e falou da necesidade de apoiar asociacións que traballen de verdade nos eidos da cultura, fronte ás de aproveitados que viven da subvención. Remarcou, ao igual que o poñente anterior, o pouco sentido que teñen os chamados grupos de desenvolvemento rural se non fomentan a participación.

Crítica e emocionada foi a intervención de Carme Fontela, presidenta da Asociación de Mulleres Espadela, de Cerdedo. A sociedade cerdedense, pechada e asfixiante, con normas ditadas polos caciques locais, conforma un entorno de atraso cultural, moito máis acusado no caso das mulleres, o que fai especialmente difícil impulsar calquera iniciativa. Malia todo, Espadela celebra con éxito anualmente a súa Festa da Vincha, ademais doutras actividades.

Antolina González contounos de Canón de Pau, asociación cultural que se preocupa en Cotobade do patrimonio e da ecoloxía. Coas súas xornadas medioambientais anuais, celebradas por parroquia (e xa levan sete!), dan pasos de xigante na recuperación da autoestima, na autoconstrución da identidade colectiva das e dos habitantes do seu concello.

Ana Doval, concelleira polo PSdG-PSOE en Forcarei falou non só da total inexistencia de calquera tipo de política cultural, por parte do seu concello e en toda a Terra de Montes, senón de como desde o poder tentan boicotear as actividades de base, como fan coa Festa da Vincha, argallando o mesmo día deprimentes espectáculos de fantasmais garotas brasileiras a bailar samba no frío Antroido da bisbarra. Advertiu á concelleira, non obstante, que ela é optimista, pois observa como, desde a base, nacen proxectos interesantes nos eidos da cultura.

O mesmo baleiro existía en Teo, onde os orzamentos tamén non destinaban partida ningunha para actividades culturais, informa Carme Hermida, concelleira de cultura polo BNG, ate a chegada do novo goberno municipal. Hoxe, explica a concelleira, téntase traballar apoiando as iniciativas do rico tecido

asociativo de Teo, creando novos espazos, e organizando actos varios desde a propia concellaría.

Carlos Solla falounos de Cerdedo no nome de Verbo Xido, onde as autoridades (in)competentes, co Alcalde á cabeza, se moven para que os habitantes do concello non asistan aos actos de Verbo Xido; os políticos odian e perseguen a asociación. No seu apaixonado e acedo discurso, resaltou Solla como, en Cerdedo, non hai maneira de seguir os atinados consellos de Marcial Gondar para seducir alguén, pois, quitando os vellos que andan ás ordes dos caciques, non queda xa poboación.

Despois dun vivo coloquio, a mañá rematou coa presentación de "Memorias dun tempo perdido", libro de relatos de Roberto Vázquez que recolle historias cerdedenses, con palabras do propio autor e de Fernando Salgado.

Fomos despois a gozar do trato exquisito e do bo xantar de Casa Florinda, en Pedre, tamén boicoteada, declarada terreo politicamente incorrecto polos caciques locais, pois no seu acolledor comedor sérvense excelentes comidas para os compañeiros e compañeiras de Verbo Xido e para outras persoas non gratas ao poder local.

Antes do fin de festa, coa música do grupo os Abrentes, fixeron os de Verbo Xido entrega aos colaboradores dun tomo encadernado cos vinte números do boletín da asociación. Despois de escoitar as quentes e animadas palabras de Dionisio Pereira e de Lola Varela, quedamos convencidos de que han ser moitos máis os vindeiros números do boletín, de que han ser moitos, moitos máis ferrados de cultura os que Verbo Xido vai labrar no futuro nesta Terra de Tod@s.

Xosé Luís Santos Cabanas

VII Edición do Roteiro Sarmiento



A *Asociación Cultural e Ecoloxista Verbo Xido de Terra de Montes* organiza unha nova edición do Roteiro Sarmiento por terras de Cerdedo o vindeiro domingo 14 de decembro.

O punto de encontro, como de adoito, será a praza da igrexa de Cerdedo (antiga praza da República) a iso das 10'00 h da mañá, chova que neve.

Amais da camiñada osixenante, ergueremos a voz contra a chambonada argallada no treito A Revolta-Cavenca, convertendo unha antiga verea medieval nun simulacro de autoestrada de catro carrís.

Ao remate, celebrarase un xantar de confraternidade en Casa Florinda (Pedre) con prezos populares.

Na sobremesa presentarase o último (que non o derradeiro) libro de Calros Solla sobre o monte do Seixo:

"***Monte do Seixo. O santuario perdido dos celtas*"**.

Novas da asociación VERBO XIDO

O pasado mes de Agosto constituíuse o Grupo de Desenvolvimiento Rural Ulla-Umia-Lérez, GDR 20, que inclúe dez Concellos, entre eles os da Terra de Montes pontevedresa, co obxectivo de presentar un Proxecto que contribúa a dinamizar e dar a coñecer o potencial deste territorio, ao abeiro do Programa LEADER 2007-2013.

Case que 200 colectivos conforman este GDR, distribuídos en cadansúa mesa sectorial (agro-gandeira, forestal, muller, cultura-deporte...), e a súa Xunta Directiva integrada por 24 persoas elixidas por Concellos e mesas sectoriais.A nosa Asociación resultou elixida xunto coa Asociación "O Arrieiro" de Moraña para representar aos grupos culturais dentro da XD, na que ademáis ocupa a Secretaría.

Ao asumir esta responsabilidade, "Verbo Xido" quere contribuír a mellorar o funcionamento do GDR, desmarcándose da herdanza de convocatorias anteriores, carentes de transparencia e participación, o que redundou nunha menor eficacia do que cabería agardar.

Como mostra do que se pode facer na Terra de Montes, VX presentou dúas iniciativas consistentes na mellora da proposta museística do CETMO e a configuración da rota do Monte do Seixo, a Montaña Máxica.

Agricultura ecolóxica na Terra de Montes



Hai 7 anos escoitei o nome de agricultura ecolóxica e decidín buscar información daquel termo que tanto me chamaba a atención e observei que en Cataluña e no País Vasco había varias referencias que unha podía consultar, mentres que na nosa terra a penas había información e pregunteime: "¿Cómo era posible que nunha terra como a nosa, cos nosos devanceiros dedicados xeracións tras xeracións a cultivar a terra, houbera cada vez máis e máis abandonos?, ou ¿ porqué a sabedoría dos nosos avós era cambiada polos nosos pais coa introdución dos abonos químicos, das sementes etiquetadas e mercadas na tenda, ou tamén o uso dos sulfatos, ese produto tan nefasto que nin sequera nace a herba alí onde se bota?. Todos estes aspectos complementáronse cos produtos que ía mercar no supermercado, nos que vía por exemplo unha mazá, tan roxa, tan apetitosa, e cando a levabas para casa e a comías, dábame conta de que non sabía a nada e o segundo día xa comezaba a podrecer, mentres que comía unha que collía alí nas hortas que habia arredor, entre aquelas paredes tiradas que os seus donos abandonaron para ir facer as Américas, e esta non tiña nada que ver coa outra que mercara.

Todo isto levoume cada vez máis a interesarme pola agricultura ecolóxica, que era, en qué consistía e en medio de todo, descubrín que había unha pequena tenda en Pontevedra. A miña curiosidade fíxome achegarme a ela; despois dunha pequena conversa, decidín mercar os produtos, logo ao comer a leituga e os tomates desa muller decateime da satisfacción e o pracer que producía o seu sabor e sobre todo que estaba coidando a miña saúde e a dos meus fillos, e coas conseguintes visitas a súa explotación, empecei pouco a pouco a comprender en pequena medida o que era a agricultura ecolóxica, un termo tan interesante, beneficioso, e algo que te ensina a ser autosuficiente, autosostible; recollendo os coñecementos dos nosos devanceiros e cos recursos da terra, poderíase practicar dita agricultura.

Pero, por motivos que non vale a pena recordar, tiven que emigrar da terra deixando as miñas ilusións de poder dedicarme a traballar a terra.

Tres anos despois, retornei á miña casa coa idea máis forte de poder dedicarme á produción de horta en ecolóxico e tiven a sorte de meterme nun obradoiro de agricultura ecolóxica na que puiden adquirir coñecementos teóricos e prácticos.

Agora, case rematando o ano de dito obradoiro, decidín meterme cun grupo de compañeiros e compañeiras a realizar un proxecto, chamado "A Hortiña da Ponte", co que quero conseguir que a agricultura ecolóxica sexa o meu medio de vida.

A tarefa de convencer á sociedade, é longa pero non imposible. Aquí, na Terra de Montes, temos que lograr convencer pouco a pouco para que os pequenos agricultores deixen de mercar os sulfatos, os herbicidas que contaminan e destrúen cada vez máis as nosas terras(•), para que recuperen eses coñecementos que antigamente utilizaban os nosos avós.

Coa práctica da agricultura ecolóxica, promoveremos unha serie de técnicas e métodos cos que faremos fronte á degradación progresiva do medio ambiente e así poder mellorar a calidade da nosa vida e a dos nosos achegados.

Mª Elena Antelo
(A Hortiña da Ponte)

(•). **N. da R**.: Ao abeiro do manifestado pola autora, a Asociación "Verbo Xido" quere denunciar a utilización abusiva de herbicidas por parte do Concello ou da Deputación ("tanto monta...") na última limpeza dos viais, pois sen ir máis lonxe, a pista entre Vilar e San Martiño así como algunhas colindantes, ficaron cos cómaros totalmente queimados, mesmo máis aló dos dous metros de dominio público. En diante, vixiaremos máis polo miúdo e denunciaremos ás autoridades competentes, este tipo de prácticas abusivas e inconscientes